

4/516 INICIACIÓN E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DE “CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA” PARA COLABORAR NOS GASTOS OCASIONADOS CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DO “COPA GALICIA 2025 FÚTBOL SALA”.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da administrativa adscrita a Deportes, do 22 de decembro de 2025, conformado polo tenente de alcalde delegado da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“A Constitución española, no seu artigo 43.3, establece como un dos principios reitores da política social e económica o fomento da educación física e o deporte.

O artigo 27.22 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer. No exercicio desta competencia, o Parlamento de Galicia dita a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, derogada pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

O artigo 2 da Lei 3/2012 mencionada establece que “A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece as especiais funcións que o deporte desempeña na sociedade; en especial, nos ámbitos da educación, a formación e a cultura, na mellora da saúde, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto ao medio ambiente. En atención ás funcións mencionadas, o deporte considérase de interese público para a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o seu artigo 3 establece como un dos seus principios reitores “a eficacia, eficiencia, descentralización, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva. O artigo 4 establece que no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme entre outros, ao principio de promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte. Por último, o artigo 8 establece as competencias do municipio no seu correspondente ámbito territorial, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local, ou calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que poida ser atribuída legal o regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

Por outra banda, o artigo 25.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: (...) I) promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do lecer; o artigo 72 da mesma lei, en consonancia co disposto no artigo

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que as corporacións locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectorais para os veciños e dentro das súas posibilidades o uso de medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades.

Por todo o anteriormente indicado, considérase necesario que a Sección de Deportes colabore economicamente coas entidades deportivas que poñan á súa disposición eventos deportivos, dado o custo que supón a súa organización e o estímulo que supón aos organizadores, con grande impacto no deporte base.

Por outra banda, o artigo 9 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establece que terá a consideración de beneficiario de subvención a persoa que teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre na situación que lexitima a súa concesión. Os beneficiarios acreditarán a súa domiciliación no municipio de Lugo e, de ser o caso, as asociacións veciñais deben estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Lugo.

O CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA, con NIF G27342005, é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais, sen ánimo de lucro, segundo consta en estatutos aportados pola entidade. Consta alta no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, número de inscrición 662.

O Club Ribeira Fútbol Sala organizou a “XXXIV Copa Galicia Sénior 2025 masculino F.S” e a “XIX Copa Galicia Sénior Feminina F.S.” A organización do evento comporta unha serie de gastos de arbitraje, licenzas, desprazamentos, salarios etc., os cales constan na memoria económica aportada pola entidade deportiva, que son imposibles de sufragar polo club sen o apoio económico das administracións públicas.

O carácter excepcional desta subvención vén determinado polo feito de que un evento destas características non se pode prever con antelación, debido a que cada ano se celebra nunha sede distinta de Galicia, sendo a Federación Galega de Fútbol a encargada de valorar e asignar a sede, tras a solicitude dos clubs interesados e institucións públicas, sendo o Club Ribeira Fútbol Sala o seleccionado pola dita federación, o que dificulta a súa convocatoria pública. Destacar que o club Ribeira Fútbol Sala é o club con máis licenzas desta disciplina no Concello de Lugo, superando as 450 licenzas na tempada 2023/2024. O feito de ser cada ano nun concello distinto fai imposible prever a inclusión da subvención no orzamento e/ou no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo.

As razóns que xustifican o interese público e social e a contribución aos fins e obxectivos establecidos na lexislación á que se fai referencia nesta memoria motívanse na gran participación e repercusión do evento. A Copa Galicia de Fútbol Sala contou coa participación de todos os equipos galegos de categoría nacional masculina (terceira división, segunda división B, segunda división e primeira división) e feminina (segunda división e primeira división).

O evento comeza en setembro de 2024, iniciándose coa participación de 29 equipos en categoría masculina e 12 equipos en categoría feminina, superando eliminatorias previas ata chegar á final.

O número de participantes para ambas as finais ascendeu a 100 persoas entre xogadores, corpo técnico, árbitros etc.) ademais de 70 voluntarios do Club Ribeira Fútbol Sala, 50 deles nenos e nenas para a saída de *“fair play” dos equipos*; en canto á cabida, conseguiuase encher o Pavillón Municipal dos Deportes (2.000 persoas aproximadamente) en cada unha das xornadas (mañá e tarde); ademais realizáronse eventos durante todo o día con inchables e animación, antes e despois dos partidos.

O evento realizado tivo un grande impacto na cidade de Lugo, fomentando a participación no deporte, serve de plataforma para dar visibilidade aos deportistas, impulsa a economía local e contribúe á dinamización da cidade.

En relación co anteriormente exposto, a colaboración no financiamento instrumentarase, de conformidade co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, mediante unha subvención de 3.000,00 € que se concederá excepcionalmente e de forma directa ao Club Ribeira Fútbol Sala para colaborar nos gastos ocasionados con motivo da organización da “XXXIV Copa Galicia Sénior 2025 Masculino F.S” e a “XIX Copa Galicia Sénior Feminina F.S.”, por entender que queda acreditada a singularidade da súa concesión por razóns de interese público e social.

A imputación do gasto da actuación, 3.000,00 €, farase con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900, na que consta retención de crédito, número de operación 202500051397.

Para a súa tramitación, seguirase o mesmo procedemento que o establecido no capítulo II do título II da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, que esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

Dende esta unidade administrativa, solicítouse da entidade “**CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA**” a presentación de toda a documentación precisa para a tramitación do convenio. Para estes efectos, consta no expediente:

1. Memoria explicativa da realización da totalidade da acción subvencionada, presentada polo representante legal da asociación; consta denominación do evento, datas de realización, descrición do campionato, obxectivos e resultados.
2. Compromiso de destinar a subvención ao financiamento parcial das actividades propias do beneficiario.
3. Fotocopia do NIF/CIF da asociación.
4. Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
5. Estatutos da asociación.
6. Composición da xunta directiva actualizada.
7. Declaración responsable segundo ANEXO VII de:
 - Subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma finalidade da actividade** para a que se solicita a subvención. Compróbase que as que figuran no anexo VII son coincidentes coas incluídas no orzamento executado.
 - Que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.
 - Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
 - Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que os impostos indirectos das facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto NON son susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 - Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2025.
 - Que non utiliza a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
8. Certificacións do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social mediante as correspondentes certificacións. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non ter débedas tributarias co Concello de Lugo. Presenta certificacións de Facenda estatal do 04/12/2025 e da Seguridade Social do 04/12/2025. Respecto ás débedas coa Tesourería Municipal, consta certificación do
9. Certificación bancaria que acredite o número da conta bancaria da que a asociación é titular.
10. Gastos e Ingresos executados da actividade subvencionada
- TOTAL GASTOS: 8.829,47 €
 - INGRESOS: 8.829,47 €
- Cumpre o requisito de financiar mínimo o 10% con recursos propios:
- Custo do proxecto: 8.829,47 €
 - 10% do custo do proxecto: 882,95 €

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

- Fondos propios: 2.329,47 €

Acredítase que se está á natureza das entidades sen ánimo de lucro presentando un orzamento equilibrado e asumindo con fondos propios mínimo o 10%.

Vistos:

- Certificación de existencia orzamentaria do 11/08/2025 con cargo á aplicación 34100.48900 do orzamento municipal para o ano 2025 (núm. de operación 2025/51397).
- Memoria da Sección de Deportes, do 10/12/2025, da necesidade de tramitar nominativamente esta subvención debido á imposibilidade de promover a concorrencia destas e a xustificación da necesidade de tramitación mediante subvención nominativa excepcional.
- Acordo núm. 5/329 da Xunta de Goberno Local aprobado na sesión celebrada o 13/08/2025 polo que se acorda “aprobar un modelo normalizado de convenio de convenio a través do cal se canalizarán, salvo excepcións xustificadas, as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal ano 2025 (...) e “Delegar nos tenentes/as de alcalde delegados/as de área e concelleiros/as delegados/as as atribucións correspondentes á aprobación dos convenios reguladores das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos do ano 2025”. O modelo aprobado no acordo mencionado será o instrumento utilizado para a tramitación desta subvención.
- Decreto número 10280/2025, do 04/11/2025, de organización municipal do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto nº 11458/2025, do 05/12/2025, e Decreto nº 11673/2025, do 12/12/2025.
- Informe proposta da Sección de Deportes, do 10/12/2025, relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de “**CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA**”.
- Informe do Servizo de Fomento, do 12/12/2025, emitido con carácter favorable con observacións.
- Memoria xustificativa de subvención nominativa excepcional “COPA GALICIA FÚTBOL SALA”, en ausencia de inclusión no Plan estratéxico de Subvencións ao ser unha subvención excepcional, tras as observacións realizadas polo informe do Servizo de Fomento.
- Informe de Asesoría Xurídica, do 19/12/2025, emitido con carácter favorable segundo o informe emitido polo Servizo de Fomento.
- Informe do Servizo de Intervención núm. 2025/2062, do 19/12/2025, emitido con carácter favorable.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A aprobación da concesión de subvención e o texto do convenio o cal ten o teor literal seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE “CLUB RIBEIRA FUTBOL SALA” PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR PARCIALMENTE O PROXECTO “COPA GALICIA 2025 FUTBOL SALA”

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe

REUNIDOS

Dunha banda Don Jorge Bustos Atanasio, con NIF número 33537892M, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude

E doutra banda **D. Carlos Pin Díaz**, con NIF número 47650009N, na súa calidade de representante legal da Entidade “**CLUB RIBEIRA FUTBOL SALA**”.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pode conceder subvencións de forma directa previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal ou con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se adrediten razóns de interés público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

II.- Que na lexislación básica do Estado de réxime local (artigos. 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), establece competencias para os Concellos nas seguintes materias:

“Artículo 25.

1. El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.

2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

....

I) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre.

*III.- Que a Entidade “**CLUB RIBEIRA FUTBOL SALA**” no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta unha memoria relativa ao evento “**COPA GALICIA 2025 FUTBOL SALA**”*

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do evento “**COPA GALICIA 2025 FUTBOL SALA**”,

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

*O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do evento “**COPA GALICIA 2025 FUTBOL SALA**” por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigos 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).*

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de **3.000,00,00 €** para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A Entidade “**CLUB RIBEIRA FUTBOL SALA**” comprométese a :

- Realizar a actividade: "**COPA GALICIA 2025 FUTBOL SALA**", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2025 a cantidade de **3.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade será dende o 01.01.25 ó 31.12.2025.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. *En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.*

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.

- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables salvo excepcións xustificadas e derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

Con carácter xeral, a suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 90% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade as persoas beneficiarias deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria. Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade, e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Da cordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais,

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SIXTA. -Xustificación da subvención

*Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentarase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.*

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) *Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así como **relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.*

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.) As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

*Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".***

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1. Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
2. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
3. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.
5. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .
6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade.

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria

non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - o Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - o Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - o Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
 - o Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta Entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2026.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro..

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2026, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2025.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Xuventude e Deportes, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes **ANEXOS** que deberán ser conformes ao texto deste convenio

 <p>CONCELLO DE LUGO</p>			
<p>ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA CONCEDER DE FORMA DIRECTA (EXERCIZO ECONÓMICO 2025)</p>			
DATOS DA ENTIDADE:			
DENOMINACIÓN SOCIAL:			CIF:
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO: LUGO	PROVINCIA: LUGO
CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	DIRECCIÓN TELEMÁTICA A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
DIRECCIÓN TELEMÁTICA A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE.

CARGO NA ENTIDADE:	
NOME E APELIDOS	NIF:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

ANEXO II. ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS PREVISTOS

D.ª/D. _____ provisto do NIF

nº _____ en calidade de Presidenta/e /Secretaria/o da

Entidade _____ con enderezo social

en _____ de Lugo e con CIF

nº _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que o orzamento de gastos e ingresos previstos para o proxecto para o que solicita a subvención, é o seguinte:

ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS PREVISTOS:

CONCEPTO:	<u>IMPORTE</u>
Gastos federativos (licencias, mutualidades, inscricións, arbitraxes...)	
Gastos en seguros responsabilidade civil e outros	
Gastos de combustible	
Gastos de transporte	

Gastos de aloxamento		
Gastos de persoal		
Gastos material e vestimenta deportivos		
Gastos de alugamento instalacións deportivas		
Gastos de publicidade, redes sociais...		
Gastos de consultoría e asistencia		
Gastos médicos		
Gastos en medallas, trofeos, premios...		
Outros gastos (especificar):		
TOTAL GASTOS		

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS:

CONCEPTO	NOME DA ENTIDADE (no caso de patrocinios, subvencións e axudas)	IMPORTE
PATROCINIOS DE ENTIDADES PÚBLICAS		

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

SUBVENCIONS DE ENTIDADES PUBLICAS		
OUTROS PATROCINIOS E/OU AXUDAS ENTIDADES PRIVADAS		
Recursos propios, cuotas e outros ingresos en concepto de fondos propios		
TOTAL INGRESOS (deberá coincidir co total de gastos)		

*** No orzamento previsto de gastos e ingresos estarase á natureza das Entidades sen ánimo de lucro presentando un orzamento equilibrado, e na partida de ingresos deberá figurar de xeito expreso o importe asumido con fondos propios (mínimo o 10%).**

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

ANEXO III

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a _____ provista/o
 do NIF nº _____ en calidade de Presidente / Secretario
 de _____ con enderezo social en
 _____, de Lugo e con
 CIF nº _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, **PÚBLICAS OU PRIVADAS**, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma finalidade** da actividade para a que solicita a subvención.

SI (indicar procedencia e contía) NON

	ENTIDADE ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA RECIBIDA
PATROCINIOS ENTIDADES PUBLICAS			
SUBVENCIÓNS ENTIDADES PÚBLICAS			

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

OUTROS PATROCINIOS E/OU AXUDAS ENTIDADES PRIVADAS			

2.- Que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Que esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.


5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2025.

7.- Que non utiliza a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.

D.

Representante legal da Entidade

 CONCELLO DE LUGO			
<p>ANEXO IV. SOLICITUDE DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA CONCEDER DE FORMA DIRECTA (EXERCIZO ECONOMICO 2025)</p>			
DATOS DA ENTIDADE:			
DENOMINACIÓN SOCIAL:			CIF:
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	PROVINCIA:
CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE.			
CARGO NA ENTIDADE:			
NOME E APELIDOS			NIF:
CORREO ELECTRONICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

NOTA: Á solicitude xuntarase a documentación segundo requisitos esixidos no convenio asinado.

ANEXO V. GASTOS E INGRESOS EXECUTADOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

D.ª/D. _____ provisto do NIF

nº _____ en calidade de Presidenta/e /Secretaria/o da

Entidade _____ con enderezo social

en _____ de Lugo e con CIF

nº _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

O custo total dos gastos derivados da execución da actividade subvencionada é o seguinte:

GASTOS:

CONCEPTO:	<u>IMPORTE</u>
Gastos federativos (licencias, mutualidades, inscricións, arbitaxes...)	
Gastos en seguros responsabilidade civil e outros	
Gastos de combustible	
Gastos de transporte	
Gastos de aloxamento	

Gastos de persoal		
Gastos material e vestimenta deportivos		
Gastos de alugamento instalacións deportivas		
Gastos de publicidade, redes sociais...		
Gastos de consultoría e asistencia		
Gastos médicos		
Gastos en medallas, trofeos, premios...		
Outros gastos (especificar):		
<u>TOTAL GASTOS</u>		

INGRESOS:

CONCEPTO	NOME DA ENTIDADE (no caso de patrocinios, subvencións e axudas)	IMPORTE
PATROCINIOS DE ENTIDADES PÚBLICAS		

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

SUBVENCÍONS DE ENTIDADES PÚBLICAS		
OUTRAS AXUDAS ENTIDADES PRIVADAS		
Recursos propios, cuotas e outros ingresos en concepto de fondos propios		
TOTAL INGRESOS (deberá coincidir co total de gastos)		

* No orzamento de gastos e ingresos estarase á natureza das Entidades sen ánimo de lucro presentando un orzamento equilibrado, e na partida de ingresos deberá figurar de xeito expreso o importe asumido con fondos propios (mínimo o 10%).

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

ANEXO VI. RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS
(CONTA XUSTIFICATIVA)

D./D.^a _____ provista/o
 do NIF nº _____ en calidade de Presidente / Secretario
 de _____ con enderezo social en
 _____, de Lugo e con
 CIF nº _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que os gastos derivados da execución da actuación subvencionada son os seguintes:

Nº ORDE	DATA EMISIÓN	DATA PAGO	NÚM.	ACREEDOR	IMPORT E (€)	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPUTACIÓN (€)	ENTIDADE Á QUE SE IMPUTA O GASTO*	CONCEPTO IMPUTACIÓN* ("S"/"F")

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

* Entidade (Nome do Club, Concello de Lugo, Xunta de Galicia, etc) que financia o gasto.

** Cando se trate dos gastos para xustificar a subvención do Concello de Lugo, especificarase, segundo o caso:

- “S” (subvención)
- “F” (10% fondos propios orzamento concesión)
- Para o resto de gastos, a casilla quedará baleira.

O importe total da relación de gastos deberá coincidir co importe total do orzamento detallado de gastos do Anexo V.

A relación de gastos mencionada, ademáis de presentala debidamente asinada e no formato que corresponda, deberá adxuntarse obrigatoriamente en formato editable (word, excel ou similar).

No caso de presentar para a xustificación gastos relativos a combustible, desprazamentos,manutención, aloxamento e similares, especificar os datos seguintes:

NÚM. FRA.	DATA DESPRAZAMENTO	DESTINO		MOTIVO	NÚMERO DE DEPORTISTAS, TÉCNICOS SIMILARES DESPRAZADOS
		MUNICIPIO	PROVINCIA		

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

ANEXO VII (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D.ª/D. _____ provisto do NIF
nº _____ en calidade de (presidenta/e, secretaria/o)
de _____ con enderezo social
en _____ de Lugo e con CIF
nº _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu

subvencións ou axudas de esta ou doutras Administracións ou Entidade, públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a **mesma finalidade** da actividade para a que se solicita a subvención.

SI* NON

*Ata o día de hoxe e referidas á mesma finalidade da actividade para a que se solicita a subvención, esta entidade solicitou/recibiu subvención/axuda (indicar procedencia e contía) por parte de:

ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA*	CONTÍA RECIBIDA*

*No caso de que a axuda solicitada esté pendente de concesión e/ou cobro, cubrirase o importe da contía solicitada, e deixarase en branco o resto das casillas segundo proceda. No caso de que a axuda sexa desestimada, cubrirase "D" ("DESESTIMADA") na casilla que proceda.

2.- Que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac1913086441427119727.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

5.- Que os impostos indirectos das facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto (marcar o que proceda):

SI NON son susceptibles de recuperación ou compensación.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2025.

8.- Que non utiliza a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.

D.

Representante legal da Entidade

(asinado dixitalmente)

SEGUNDO.- A autorización e disposición do gasto á entidade "**CLUB RIBEIRA FÚTBOL SALA**", con NIF **G27342005**, por importe de **3.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2025.

TERCEIRO.- Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vida administrativa, ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- A publicidade destas subvencións realizarase conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e no artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

QUINTO.- Contra esta resolución, caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer ante o mesmo órgano que ditou o acto, recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (art. 123.2 da Lei 39/2015).